

PUNTO DE FUGA

Desde os comezos da literatura foron conformándose unha serie de modelos femininos que, nos últimos tempos, se ven reescritos polas poetas desde puntos de vista novidosos e máis próximos á súa problemática. Neste sentido, as imaxes que proceden da literatura (como Ofelia ou Penélope) van coexistir coas mulleres das lendas populares (as lavandeiras, a dona da poza) como referentes que poboan os versos de Marta Dacosta en *As amantes de Hamlet*, o seu poemario último. Nel desprázase o foco de atención da figura masculina para observar ó seu arredor e, se Hamlet representaba o prototipo de personaxe atormentado que debe afrontar un destino adverso e coñecer os máis abxectos vicios da humanidade encarnados na súa propia familia, Ofelia deixa de ser a vítima inocente da ira incontrolable do príncipe para adquirir o protagonismo na serie de poemas que levan o seu mesmo nome. Identificada coa simboloxía propia do río -onde atopa a morte por afogamento-, Ofelia non é xa un ser escurecido pola longa sombra de Hamlet, senón a imaxe da dor, a que ve esboroarse todo o seu mundo nun instante e por iso o eu poético procura “*Vestir a túa pel/ a pel dun corpo pequeno sen feridas/ a piques de ser inferno/ de romper o casulo emponzoñado/ e descubrir a verdadeira cor do ceo/ e canto se pode perder en cada loita*” antes de ser guiada polo río cara ó silencio. Ese vai ser o cárcere de Ofelia pero as augas fluviais condúcena cara a un novo territorio: o que habitan aquelas que posúen unha existencia mariña, matriarcado de nais que paren fillas, de mulleres que levan na fronte unha estrela e habitaron as profundidades da poza antes de saír, espidas, á luz. Iníciase así un “*Tempo de rabaquetas*” que nos amplía o horizonte vital mentres o mar acaba sendo a forza que move o cosmos e propicia o renacer da propia Ofelia “*para sempre espida, nunca máis inocente*”. Descalzas de pé e cos cabelos longos, estas mulleres, que algún día foron as amantes de Hamlet e viviron na súa órbita, emprenden o seu propio camiño partindo da praia, lugar que nos trae reminiscencias das cantigas medievais por máis que, agora, a amiga non agarde ó amado senón que emprende ela mesma unha ruta diferente e non marcada. E nisto chega Penélope, destinataria dunhas cartas mariñas que son palabras de liberación, atlas que amosan puntos de fuga para quen se identifica coa “*filla do pirata*” e non pentea os cabelos porque prefere levalos libres de ataduras. A que voa e sente baixo os pés o empuxe do vento como forza impulsora é a mesma muller que se fai ó mar para partir na busca do tesouro da súa propia identidade, para non ser nunca máis unha peza secundaria da vida masculina. Chámese Penélope ou Ofelia, veña marcada polo signo da morte como as lavandeiras nocturnas e fantasmais ou aflore desde as profundidades mesmas da terra, a muller que habita as praias ten que ser consciente do seu propio signo, dun corpo que é dador de vida, bandeira a erguer contra as

inxustizas da historia e para iso debe afrontar un futuro “*sen lastre, sen présa, sen bagaxe*”, con todas as portas abertas, “*debuxar mapas novos / e percorrer co índice a liña invisible do futuro*”. Non pode ser outro o destino da que exclama “*non quero escoitar xa os nomes que me dades*” antes de fuxir seguindo a liña do horizonte.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 80, xaneiro 2004, p. 70